



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ANUNCIO

SOS - APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE CATRO SOCORRISTAS AO ABEIRO DA ORDE DO 20/12/2019 PARA O FOMENTO DE EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO AMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS 2020.

DATA DE PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 26 DE XUÑO DE 2020.

A Alcaldía ditou en data 26 de xuño de 2020, o decreto que a continuación se transcribe:

“DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: SOS - APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE CATRO SOCORRISTAS AO ABEIRO DA ORDE DO 20/12/2019 PARA O FOMENTO DE EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS 2020.

EXPEDIENTE: 2020/E001/000007

Considerando que ten finalizado o prazo de presentación de solicitudes para tomar parte no procedemento para a contratación laboral temporal de catro socorristas ao abeiro da subvención concedida no marco da Orde da Consellería, de Emprego e Industria do 20 de decembro de 2019 na que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio 2020, cuxas bases e convocatoria foron aprobadas por decreto da Alcaldía de data 18/06/2020 e publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Camariñas en data 18/06/2020.

Considerando que todos os aspirantes que teñen presentado a solicitude cumpren coas condicións establecidas na base 3ª que rexe a convocatoria é polo que en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente e de conformidade co disposto na Base 5ª da convocatoria,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a seguinte lista definitiva de aspirantes admitidos para a contratación laboral temporal de catro socorristas para praias do Concello de Camariñas:

Admitidos definitivamente:

NÚM.	APELIDOS E NOME	DNI
1	MARTÍNEZ BLANCO, KEVIN	***1164**
2	TEDÍN GONZÁLEZ, JOSÉ LUÍS	***0950**
3	TRILLO VILELA, FRANCISCO MANUEL	***2835**

Excluídos definitivamente:

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñece aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante a correspondente resolución. Se nun momento posterior se desprende que non se posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Segundo.- Que o Tribunal cualificador se reúna para a súa constitución e para a valoración de méritos alegados (fase de concurso) o ***luns, día 29 de xuño de 2020, ás 11:00 horas***, na Casa do Concello de Camariñas.

Terceiro: Facer público o presente decreto mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello e, a efectos meramente informativos, no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Camariñas.

Cuarto: Dar traslado do presente decreto aos membros do Tribunal Cualificador.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública”.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura a marxe pola alcaldesa D^a Sandra Insua Rial.